













# CORREDORES SAGRADOS

**Do Picho, a residencia artística que abriu as súas portas en Palas de Rei en agosto de 2024, e o Instituto de Estudos Ulloans vos invitan á inauguración de, CORREDORES SAGRADOS, exposición da artista Lisa Tognon (Quebec, Canadá) no Castelo de Pambre, o domingo 25 maio, da 4 ás 6 da tarde, seguido dun acto en Do Picho de 6 a 9:30.**

CORREDORES SAGRADOS (Natureza en perigo, natureza a preservar) inspirouse moito nos corredores ecolóxicos que utilizan a diario animais de diversas especies para alimentarse e reproducirse. Lisa Tognon (<https://lisatognon.com/>) pintou camiños sagrados imaxinarios para expresar a importancia de preservar os corredores da vida salvaxe. Neste conxunto de traballos recentes, o ouro e o azul índigo combináronse para evocar a sacralidade da natureza e contrarrestar metaforicamente a sobreexplotación da flora e da fauna.

Ademais, expóñense traballos producidos durante a súa estada na residencia de artistas Do Picho ([www.dopicho.com](http://www.dopicho.com)) en maio de 2025, cos veciños da Ulloa e os nenos e nenas do colexio de Palas de Rei. Máis destes traballos estarán expostos na fachada acristalada de Do Picho, para o evento e durante as próximas semanas.

Tanto no Castelo como en Do Picho, Lisa estará acompañada pola escritora Claire Varin (<https://clairevarin.com/>), tamén de Quebec e compañeira de Lisa residente en Do Picho, que lerá escritos recentes, inspirados nos seus encontros cos humanos, a natureza e os animais en Galicia.

Como din Lisa e Claire, a “actuación da cidadanía comprometida coa salvagarda da vida deunos esperanza nun momento no que se están a vulnerar os dereitos humanos, como os do medio ambiente.”

*Haberá pinchos e bebidas á inauguración e en Do Picho. A exposición permanecerá aberta ata o sábado 5 de xullo. Ademais de estar presente e falar na inauguración e en Do Picho, Lisa Tognon (e Claire Varin) estarán dispoñible para visitas e entrevistas en Do Picho ata o 31 de maio.*

DO PICH0

